Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 27 DE AGOSTO DE 2025 | MIÉRCOLES, 27 DE AGOSTO DE 2025 | BOP NÚMERO 162

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### CEDEIRA

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**Extracto del Decreto de Alcaldía de fecha 29 de julio de 2025, por el que se convocan las subvenciones destinadas a entidades y asociaciones socioculturales de Cedeira para el año 2025.**

**BDNS (Identif.): 852668**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/852668)

**CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES Y ASOCIACIONES SOCIOCULTURALES DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA EL AÑO 2025**

Extracto del Decreto de Alcaldía número 377/2025 de fecha 29 de julio de 2025, por el que se convocan las subvenciones destinadas a entidades y asociaciones socioculturales de ámbito municipal de Cedeira para el año 2025.

**1.-OBJETO.**

El objecto de esta convocatoria es la promoción y el impulso de actividades culturales y sociales con la finalidad de fomentar un uso activo y creativo del ocio y contribuír a promover la difusión y la puesta en valor de todas las manifestaciones de la cultura popular gallega.

El Ayuntamiento podrá excluir de la concesión a cualquier actividad que considere que no sirve a las finalidades señaladas, así como a las que promuevan, faciliten o permitan la discriminación de tipo (étnica, social, sexual, ideológica, lingüística, etc.) o sean incompatibles con los valores de igualdad, libre desarrollo de la personalidad, laicidad y protección al medio ambiente.

**2.-CRÉDITOS PRESUPUESTARIOS.**

Las subvenciones se harán efectivas con cargo a las siguientes aplicaciones del presupuesto municipal del Ayuntamiento de Cedeira para o ejercicio 2025:

334.489.00 por importe de 45.000,00 euros para actividades culturales.

334.789.00 por importe de 15.000,00 euros para inversiones que realicen las entidades.

**3.-FINALIDAD.**

Los fondos adjudicados están destinados a financiar programas y actividades musicales, teatrales, y otros programas y actividades socio-culturales.

1. Se consideran gastos subvencionables los siguientes en el caso de solicitar la subvención para la realización de actividades:

a) Compra de trofeos.

b) Compra de material no inventariable o fungible (importe unitario inferior a 100 euros).

c) Gastos de desplazamientos necesarios para la participación en eventos (transporte, alojamiento y manutención).

d) Gastos de alquiler de locales.

e) Gastos derivados de las actividades realizadas (materiales, tasas, ...)

f) Nóminas del personal y seguridad social, con los requisitos legales.

g) Gastos de mantenimiento y funcionamiento de la entidad solicitante (teléfono e internet, energía eléctrica, agua y saneamiento, material de oficina, administración y otros directamente relacionados con suactividad).

h) Carteles, impresos, pancartas, publicidad en medios de comunicación para la divulgación de las actividades de la entidad o asociación.

i) Seguros (de responsabilidad civil, del local, etcétera).

2. Se considerarán gastos subvencionables los siguientes en el caso de solicitar la subvención para la realización de inversiones:

Número de anuncio 2025/5554

a) Compra de material inventariable relacionado directamente con la actividad de la entidad sociocultural con un importe unitario igual o superior a 100 euros.

3. En ningún caso serán subvencionables:

a) Intereses deudores de cuentas bancarias.

b) Sanciones administrativas y penales, así como intereses y recargos que se puedan derivar de los mismos.

c) Gastos de procedimientos judiciales.

d) Gastos derivados de celebraciones gastronómicas particulares de las entidades o asociaciones (desayunos, comidas, cenas, pinchos, etcétera).

e) Gastos por la adquisición de bebidas alcohólicas de cualquier tipo, así como tabaco u otros productos considerados lesivos para la salud.

f) Gastos que contradigan lo dispuesto en el artículo 68 del RD 887/2006 y en el artículo 29.7-d de la Ley general de subvenciones.

**4.-MODALIDAD DE CONCESIÓN.**

Régimen de concorrencia competitiva.

**5.-REQUISITOS PARA SOLICITAR LAS SUBVENCIONES.**

Podrán participar en esta convocatoria entidades y asociaciones con personalidad jurídica propia, sin ánimo de lucro, que desarrollen programas y actividades vinculadas al area sociocultural y que reúnan, en el momento de presentar la solicitud los requisitos señalados en la base 3 de las bases reguladoras.

**6.-ÓRGANOS COMPETENTES PARA LA INSTRUCCIÓN Y RESOLUCIÓN DEL PROCEDIMIENTO.**

Se nombrará una Comisión de Valoración que impulsará de oficio la realización de cuantas actuaciones sean necesarias para la determinación, conocimiento y comprobación de los datos en virtud de los que se formulará la propuesta de resolución.

La Comisión de valoración estará compuesta por:

Presidencia: La titular de la Concejalía de Cultura o persona en quien delegue

Vocales:

El titular de la Concejalía de Hacienda o persona en quien delegue

La titular de la Concejalía de Turismo o persona en quien delegue

La AEDL del ayuntamiento o persona en quien delegue

La persona titular de la Intervención Municipal participará en la Comisión de valoración con voz y sin voto.

Secretaría: una administrativa de los Servicios económicos del Ayuntamiento, en primeiro lugar, la de maior antigüedad, y en caso de imposibilidad o incompatibilidad, la siguiente por el mismo orden.

**7.-PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

El plazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a contar desde el día siguiente de la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia, una vez publicada la convocatoria en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

**8.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR CON LAS SOLICITUDES.**

La que figura en la base 5 de las bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria.

**9.-CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

Los que figuran en la base 6 de las bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria.

**10.-BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS.**

La convocatoria se regirá por las Bases reguladoras de la convocatoria pública de subvenciones destinadas a entidades y asociaciones socioculturales de ámbito municipal de Cedeira para el año 2025, aprobadas mediante Decreto de Alcaldía número 377/2025 de fecha 29 de julio de 2025, y publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia da Coruña (BOP n.º 146, del 04.08.2025): https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2025/08/04/2025_0000005105.html.

Cedeira

21/8/2025

El Alcalde,

Pablo Diego Moreda Gil

Número de anuncio 2025/5554

**Extracto do Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025, polo que se convocan as subvencións destinadas a entidades e asociacións socioculturais de Cedeira para o ano 2025.**

BDNS (Identif.): 852668

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/852668)

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURAIS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025

Extracto do Decreto de Alcaldía número 377/2025 de data 29 de xullo de 2025, polo que se convocan as subvencións destinadas a entidades e asociacións socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025.

1.-OBXECTO.

O obxecto desta convocatoria é a promoción e o impulso de actividades culturais e sociais coa finalidade de fomentar un uso activo e creativo do ocio e contribuír a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega.

O Concello poderá excluír da concesión a calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como ás que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao ambiente.

2.-CRÉDITOS ORZAMENTARIOS.

As subvencións faranse efectivas con cargo ás seguintes aplicacións do orzamento municipal do Concello de Cedeira para o exercicio 2025:

334.489.00 por importe de 45.000,00 euros para actividades culturais.

334.789.00 por importe de 15.000,00 euros para investimentos que realicen as entidades.

3.-FINALIDADE.

Os fondos adxudicados están destinados a financiar programas e actividades musicais, teatrais, e outros programas e actividades socio-culturais.

1. Considéranse gastos subvencionables os seguintes no caso de solicitar a subvención para a realización de actividades:

a) Compra de trofeos.

b) Compra de material non inventariable oufunxible (importe unitario inferior a 100 euros).

c) Gastos de desprazamentos necesarios para a participación en eventos (transporte, aloxamento e manutención).

d) Gastos de aluguer de locais.

e) Gastos derivados das actividades realizadas (materiais, taxas, ...)

f) Nóminas do persoal e seguridade social, cos requisitos legais.

g) Gastos de mantemento e funcionamento da entidade solicitante (teléfono e internet, enerxía eléctrica, auga e

saneamento, material de oficina, administración e outros directamente relacionados coa súaactividade).

h) Carteis, impresos, pancartas, publicidade en medios de comunicación para a divulgación das actividades da entidadeou asociación.

i) Seguros (de responsabilidade civil, do local, etcétera).

2. Consideraranse gastos subvencionables os seguintes no caso de solicitar a subvención para a realización de investimentos:

a) Compra de material inventariable relacionado directamente coa actividade da entidade sociocultural con un importe unitario igual o superior a 100 euros.

3. En ningún caso serán subvencionables:

a) Xuros debedores de contas bancarias.

b) Sancións administrativas e penais, así como xuros e recargas que se poidan derivar deles.

Número de anuncio 2025/5554

c) Gastos de procedementos xudiciais.

d) Gastos derivados de celebracións gastronómicas particulares das entidades ou asociacións (desaxunos, comidas, ceas, pinchos, etcétera).

e) Gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ououtros productos considerados lesivos para a saúde.

f) Gastos que contradigan o disposto no artigo 68 do RD 887/2006 e no artigo 29.7-d da Leixeral de subvencións.

**4.-MODALIDADE DE CONCESIÓN.**

Réxime de concorrencia competitiva.

**5.-REQUISITOS PARA SOLICITAR AS SUBVENCIÓNS.**

Poderán participar nesta convocatoria entidades e asociacións con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas e actividades vinculadas áarea sociocultural e que reúnan, no momento de presentar a solicitude os requisitos sinalados na base 3 das bases reguladoras.

**6.-ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.**

Nomearase unha comisión de valoración que impulsará de oficio a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se formulará a proposta de resolución.

A Comisión de valoración estará composta por:

Presidencia: A titular da Concellería de Cultura ou persoa en quen delegue

Vogais:

O titular da Concellería de Facenda ou persoa en quen delegue

A titular da Concellería de Turismo ou persoa en quen delegue

A AEDL do concello ou persoa en quen delegue

A persoa titular da Intervención Municipal participará na Comisión de valoración con voz e sen voto.

Secretaría: unha administrativa dos Servizos Económicos do Concello, en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e no caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.

**7.-PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial de la Provincia, unha vez publicada a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións.

**8.-DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR COAS SOLICITUDES.**

A que figura na base 5 das bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria.

**9.-CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

Os que figuran na base 6 das bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria.

**10.-BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS.**

A convocatoria rexerase polas bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, aprobadas mediante Decreto de Alcaldía número 377/2025 de data 29.07.2025, e publicadas no Boletín Oficial de la Provincia da Coruña (BOP n.º 146, do 04.08.2025): https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2025/08/04/2025_0000005105.html.

Cedeira

21/8/2025

O Alcalde,

Pablo Diego Moreda Gil

2025/5554

Número de anuncio 2025/5554